

Banda Desenhada

Bícame Profe 1 / 2

Kodaka, Kazuma
Edicións do Cumio (2008)



Manga Yaoi con dous volumes publicados en Galego.


Atsushi-kun está namorado do seu antigo veciño e amigo Maachan, e trata de matricularse no instituto Jyogaoka para poder estar preto del nos próximos tres anos. No segundo volume profesores e alumnos van de vacacións a Hawahi.

A Conta Atrás


Portela, Carlos
San Julián, Sergi
Faktoría K (2008)



Prologada por Manuel Rivas, esta novela emprega o flash-back como mecanismo narrativo de xeito que vai afondando nos acontecementos pasados, cos que o lector vai construíndo e explicando o momento presente co que se abre o libro. Unha novela gráfica inspirada na catástrofe do Prestige.



En Nadal 
Tempos de lecer,
Tempos de Lecturas
compartidas



NOVIDADES,

ACTIVIDADES, 

DESCUBERTAS,

AMIZADES,

LECTURAS, 

e moito máis na nosa

BIBLIOTECA

**SUXESTIÓNS
DE LECTURAS
PARA COMPARTIR**

NADAL 2008

El Libro Negro de Los Colores

**Cottin, Menena
Faria, Rosana
Zorro Rojo (2007)**



Álbum ilustrado en relevo sobre a percepción da cor.

Tomás non pode ver as cores, estas

son para el miles de olores, sabores, sons e emocións. Dende a escuridade dos seus ollos, Tomás invítanos a descubrir as cores sen velas. Unha obra merecedora do primeiro premio na categoría “Nuevos Horizontes” otorgado pola Feira do Libro Infantil de Bologna 2007.

Los Amantes Mariposa

**Lacombe, Benjamín
Edelvives (2008)**




Marabilloso álbum ilustrado, obra do xove ilustrador francés Benjamín Lacombe, no que nos conta unha das máis famosas lendas orientais sobre a loita contra o destino duns xoves namorados.

Naoko, cansa do trato que recibe polo feito de ser muller, decide disfrazarse de home para poder estudar literatura, a súa gran paixón, sen saber que é aí onde atopará o seu grande amor.

Carta a un Hijo

**Kipling, Rudyard
Evangelista, Mauro
Edelvives (2008)**



Edición en formato álbum do poema de Kipling “If” contado con imaxes polo ilustrador Mauro Evangelista. Un poema duro que exhorta a non renderse nunca, a levar sempre a cabeza alta, a non deixarse embaucar, a non perder o sentido da responsabilidade incluso nas circunstancias máis adversas.

Chaplin

**Stourdzé, Sam
Combel (2007)**



Unha excepcional obra que reconstrúe a vida e a obra de Charles Chaplin. O libro, escrito por Sam Stourdzé, especialista do xenial director e realizador inclúe iconografía orixinal, imaxes insólitas de “obxectos Chaplin” e a mirada de vinte artistas contemporáneos sobre a obra de Chaplin. Este libro, presentado dentro dun fermoso estoxo, ofrécenos unha visión única do xenial actor.

Los Tesoros de Vincent Van Gogh

**Homburg, Cornelia
Ediciones Lu (2004)**



Esta obra percorre o camiño artístico do xenial pintor. Marabillosamente ilustrada con clásicos como as radiantes versións dos seus favoritos “Xirasoles”, “Noite estreada”, “A Berceuse” e moitos autorretratos, así como

con pezas menos coñecidas e obras dos seus contemporáneos, que lle inspiraron. Ademais, inclúe distintos documentos, dende o certificado de nacemento de Van Gogh, un fragmento dun caderno de poesías que enviou ao seu irmán Theo, ata as cartas á súa irmá e ao seu irmán con bocetos incluídos,

Y Además Saben Pintar

**Friedman, Donald
Maeva (2008)**



Este libro, con cadros e debuxos de famosos escritores, dános a coñecer as xeniais obras de arte de algúns dos máis insignes escritores dos últimos douscentos anos e demostra á vez a importancia vital que ten e sempre tivo a expresión artística con pincel e pintura para moitos homes e mulleres das letras.